

[Almorzos cooperativos virtuais]

Retos e oportunidades para o cooperativismo e a economía social nas políticas públicas 2021

[Actividade realizada en colaboración coa REDE EUSUMO]

DATAS REALIZACIÓN	Mércores 17 de Marzo de 2021	DURACIÓN	2 horas
HORARIO	12:00 – 14:00 horas		
LUGAR CELEBRACIÓN:	On-line (Plataforma virtual de Zoom)		
PERSOA DE CONTACTO	Tino Gago Conde	TELÉFONO	881 887 456
		E-MAIL	tino@espazo.coop

FINALIDADE E OBXECTIVOS

Desenvolver un encontro que poida servir para que as participantes accedan a información na temática a abordar. Trátase dun encontro informativo e de intercambio con cooperativas da Sectorial de Asesorías de EspazoCoop, entre outras.

PROGRAMA

12:00 h. - Benvida das persoas e entidades.

A continuación:

- Accións para mellorar a competitividade de empresas cooperativas e de economía social.
- Oportunidades de negocio e actividade económica.
- Retos a abordar e respostas dende as consultorías e as asesorías.
- Coordinación da dinamización da sectorial.

14.00 h.- Peche da sesión.

CONTIDOS

- Presentar avances sobre políticas públicas da administración que afectan ao sector das empresas cooperativas asesorías e consultorías no campo do asesoramento a empresas de economía social, e informar das súas posibilidades.
- Tratar as barreiras que atopan algunhas microcooperativas para acceder a subvencións derivado da dificultade para asumir traballos pola súa dimensión.
- Tratar a dinamización da sectorial de asesorías-consultorías de EspazoCoop.

METODOLOXÍA

Os Almorzos Cooperativos Virtuais desenvólense cunha metodoloxía activa e participativa, que poida facilitar o interese, a atención e o intercambio entre as persoas asistentes. Utilízanse medios audiovisuais (presentación, vídeos, enlaces webs, etc.) e realízanse dinámicas de reflexión e debate, promovendo a implementación das aprendizaxes e experiencias vivenciadas na sesión.

DIRIXIDO A

Cooperativas de EspazoCoop, do sector asesorías e consultorías.



Esta actividade enmárcase na Programación 2021 da Rede Eusumo. A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo e Economía Social do Goberno de España.